

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, VENRES, 13 DE MARZO DE 2026**PRESIDENCIA****VEDRA (A Coruña)**

13,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pechará o acto *35 anos facendo medrar o rural entre todos. O programa Leader, desenvolvemento e innovación territorial*.

Previamente, **ás 12 h.**, a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, será a encargada de abrir o encontro.

TURISMO DE GALICIA**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

19,00 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, acompañado polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, e pola directora xerente de Galicia Calidade, Ana Méndez, participará na entrega do premio do certame *Talentos by Abril* que terá lugar durante a tarde nas instalacións do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG).

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**A CORUÑA**

9,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, reunirse co alcalde de Outes, Francisco Calo.

18,15 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá á entrega de premios do *XXI Concurso Literario Rita Suárez Amado*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**FERROL**

19,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, participará na presentación da revista *Ecce Homo* e do procesionario da Semana Santa 2026.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

- 12,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará na presentación da exposición *A siderurxia no Castro de Viladonga*.
- 12,30 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reunirse con representantes da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Lugo.
- 17,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, intervirá na inauguración da xornada *Women in Sports (WIS) 2026*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

BOQUEIXÓN (A Coruña)

- 12,00 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado pola directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitará as actuacións levadas a cabo na vía cara ao aeroporto polos concellos de Boqueixón e O Pino ao abeiro da Orde de infraestruturas de uso público.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 19,00 h.-** O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, asistirá aos actos do 30º aniversario de Protección Civil de Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

LUGO

- 10,00 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará nunha das accións organizadas no marco do programa *Inspiradores polo clima*.

SAN LÁZARO

- 14,00 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, reunirse coa directora xeral da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN), Grethel Aguilar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANXENXO (Pontevedra)

16,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, participará no izado da bandeira do Sendeiro Azul Areas-Punta Festiñazo.

POIO (Pontevedra)

17,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, participará no izado da bandeira do Sendeiro Azul Litoral de Poio.

MARÍN (Pontevedra)

18,15 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, participará no izado da bandeira do Sendeiro Azul Ruta das praias.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**SAN CAETANO**

08,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, manterá unha reunión de traballo co alcalde de Ferrol, José Manuel Rey, e co reitor da Universidade da Coruña, Ricardo Cao, para a construción do novo centro de investigación do Campus de Ferrol EI3. Participará tamén o secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez.

10,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora xeral de FP, Eugenia Pérez, asinará un convenio de colaboración para a posta en marcha de programas de FP Básica Adaptada coa Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual (Aceesca), a Asociación Hogar e Clínica San Rafael, o Centro Juan María Asociación Esperanza Valle Miñor, a Asociación de pais e nais de persoas con Autismo de Galicia (Aspanaes) e a Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Aspronaga).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VIGO

10,00 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, visitará os proxectos desenvolvidos polo Instituto do Castro no marco do programa de Centros Referentes.

BAIONA (Pontevedra)

12,00 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, visitará a biblioteca do Colexio Sabarís.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Coteló, participará na xornada de presentación da convocatoria de Doutoramentos Industriais.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

A CORUÑA

09,00 h.- O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, e a directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, asistirán ao encontro *Lo Que De Verdade Importa Live 2026*.

CURTIS (A Coruña)

13,00 h.- O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, Roberto Barba, participará na Mesa Local de Coordinación Institucional contra a violencia de xénero.

RIBADEO (Lugo)

16,45 h.- A directora xeral de Promoción da Igualdade, María Quintiana, inaugurará as Xornadas Profesionais de Corresponsabilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VIVEIRO (Lugo)

20,00 h.- A directora xeral de Promoción da Igualdade, María Quintiana, participará nunha mesa redonda organizada por Bumei Galicia dentro dos actos conmemorativos do 8M, Día Internacional da Muller.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

A CORUÑA

11,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, dará conta dunha nova licitación de vivenda pública no barrio de Xuxán.

FERROL

12,15 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, visitará unha vivenda adquirida coa axuda do aval da Xunta, manterá un encontro cos seus propietarios, menores de 36 anos, e anunciará a apertura do prazo da nova convocatoria dos avais.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

14,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, clausurará o *Encontro Galibuild* sobre construción industrializada.

Previamente, **ás 09,00h**, a conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, inaugurará a xornada.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

PONTEVEDRA

11,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado do delegado territorial da Xunta, Agustín Reguera, e do xerente da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, José Flores, visitará o centro de saúde Virxe Peregrina.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SAN LÁZARO

13,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, intervirá na entrega de premios e acto de clausura da *IV Xornada galega de saúde pública Premios Faro 2026*.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

9,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará no acto de apertura do *II Encontro de Procesamento da Linguaxe Natural Luso-Galego*, no marco do Proxecto Alia.

12,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na **rolda de prensa** de presentación do festival *Alguén que respira*.

11,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, presentará en **rolda de prensa** a exposición *Rumor*, de Alexandra Ranner.

FENE (A Coruña)

12,30 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, visitará o colexio Os Casais co gallo da presentación do Pasaporte Solidario.

CHANTADA (Lugo)

13,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na presentación do programa de actividades de *Experimentadanza*.

RIBEIRA (A Coruña)

20,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na inauguración da exposición *Lodeiro. Obra gráfica*, de Xosé Lodeiro.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

VIGO

09,30 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado polo director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, manterá un encontro con representantes da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía para presentar as iniciativas da consellería para 2026.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado pola delegada territorial da Xunta, Ana Ortiz, e o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, manterá un encontro con representantes da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP) para presentar as iniciativas da consellería para 2026.

ROSARIO (Arxentina)**Convocatoria en hora local, 22,00 h. en Galicia**

18,00 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, xunto co delegado da Xunta en Bos Aires, Alejandro López Dobarro, visitará o Centro Gallego de Rosario e manterá un encontro de traballo cos seus representantes.

Convocatoria en hora local, 01,00 h. en Galicia

21,00 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez, asistirá ao concerto de Luar na Lubre.

VIANA DO CASTELO (Portugal)**Convocatoria en hora local, 11,40 h. en Galicia**

10,40 h.- A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, participará na sesión de clausura do programa Eures-T Galicia-Norte de Portugal, enfocado a facilitar a mobilidade laboral transfronteiriza.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, participará na inauguración da actividade *Espazos efémeros de emprendemento* e visitará os postos das cooperativas participantes nesta iniciativa impulsada pola Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca) enmarcada no proxecto transfronteirizo ES-Factory, de cooperación Galicia-Norte de Portugal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VIGO

11,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, xunto coa delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá ao acto de presentación da campaña co gallo do Día do Pai do Centro Comercial Aberto As Travesas, apoiada pola Xunta no marco das axudas a este tipo de entidades.

A ESTRADA (Pontevedra)

17,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, participará na inauguración da 14ª Feira de oportunidades do comercio e 72ª Feira de antigüidades da Estrada, apoiada pola Xunta.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PORTOMARÍN (Lugo)

17,30 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, comprobará o resultado das obras executadas ao abeiro do Plan Camiña Rural nesta localidade.

PARLAMENTO

10,30 h.- O director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño, comparecerá a petición propia na Comisión 7ª de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes para informar dos pagos da campaña 2025 da PAC.

Na mesma comisión, o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros; e a directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro; responderán varias preguntas relacionadas coa actividade da consellería.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- A directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, participará na inauguración da Asemblea Xeral da Asociación Nacional de Maquinaria Agropecuaria, Forestal e de Espazos Verdes (Ansemat). No Hotel Palacio del Carmen.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

BURELA (Lugo)

11,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, participará no acto de renovación da certificación *Pescaenverde* da OPP-7 Burela.

RIBEIRA (A Coruña)

12,00 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, reunirse coa confraría de pescadores.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, manterá unha reunión cos representantes da confraría de pescadores de Corcubión.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

